



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA  
AXENCIA TRIBUTARIA

**Mesa de Carreira Administrativa:**  
**Recuperación de tramos e concursos 2014**

Hoxe tivemos reunión da Mesa de Carreira Administrativa, nesta xuntanza tratáronse diversas cuestións:

- **Recuperación dos tramos de carreira para o persoal que perdeu retribucións a consecuencia de resultar adxudicatario de postos de concurso ou panel.**

Na maioría destes casos, estes compañeiros viron como baixaban tramos de carreira Administrativa cando accederon, por concurso, a súa localidade de orixen ou por cambiar de posto de traballo. Despois de moito tempo a AEAT comprométese a buscarlles unha solución polo que estes compañeiros recuperarán o tramo no que estaban antes de concursar. Tamén nos facilitou unha relación nominal dos afectados (en total 111 no período 2010-2013, e 11 no ano 2014). Inicialmente, o 1 de xanero de 2015, serán nomeados en comisión de servizos no tramo que tiñan anteriormente á toma de posesión nos concursos/paneis, pois, segundo nos informaron, non hai outra opción ata que non se produza unha próxima reclasificación de todo o persoal (que, esperemos, non se demore moito). Noutros 8 casos, que foron adxudicatarios de procesos de Panel, o tramo recuperárase pola figura de “mobilidade por cambio de adscripción”. A CIG pediu que se estude a posibilidade de pagar atrasos, con data de efectos da toma de posesión nas prazas de concurso. Se pensades que podedes estar afectados podedes falar con nós, e vos confirmaremos se figurades na relación que nos facilitou a AEAT.

- **Reclasificacións do Acordo de Carreira:** como adiantabamos onte, estudando os PGE da AEAT para o ano 2015 aparecen uns incrementos nas partidas adicadas a complemento de destino e complemento específico de máis de 24 millóns de euros respecto ás do 2014 (temos a “proba documental” para quen a queira ver). Para nós iso non pode ter outra explicación distinta a que eses cartos sexan para a reclasificación que nos deben tras a finalización do período transitorio do Acordo, que



rematou no ano 2010. Se por concurso non se pode subir de tramo, penalízase ao persoal por moverse, e a recuperación económica é un feito ¿?; pensamos que a AEAT tén que dar un paso máis e aplicar o Acordo tal e como estaba asinado. Así o pedimos e así debería ser. Cando preguntamos por eses cartos “fantasma” dos PGE, ninguén nos da unha resposta...

- **Concursos/Panel pendentes de resolver a día de hoxe:**

\* Resolución Panel Corpos Xerais C1/C2: resolverase a principios de febreiro do 2015

\* Resolución Concurso Corpos Xerais C1/C2: está prevista para a segunda quincena de febreiro do 2015. Informarán previamente do prazo de renuncias.

- **Paneis que se convocarán próximamente:**

\* Corpo Técnico de Facenda: convocarase en xaneiro

\* Axentes de Facenda Pública: a convocatoria será en febreiro

\* Vixilancia Aduaneira: non se sabe/non contestan

- Haberá **incorporación de persoal doutros organismos** en comisión de servizos naquelas localidades non solicitadas por persoal da Axencia. (primeiro o persoal de Correos e logo doutras AA.PP)

E todo isto foi o que deu de sí a xuntanza e hoxe. Seguiremos insistindo para que se cumpra o Acordo de Carreira. Se precisades algunha aclaración, contactade con nós.

**27/11/2014**

**CIG AEAT:**  
**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**  
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.  
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44  
Fax:981 12 72 22  
cigaeat@gmail.com